ESIXAMOS O CUMPRIMENTO ÍNTEGRO DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO

O **Tribunal Supremo**, en sentenza do 30 de outubro de 2009, vén de declarar **ILEGAIS** os **RECHEOS** realizados no Porto de Marín ao amparo do Plan Especial do Porto, e **CONDENA** á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de Pontevedra e á Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra á **REPOSICIÓN DA ZONA PORTUARIA** á anterior situación e estado.

Esta sentenza vén dar a razón a todos os colectivos que desde hai anos vimos denunciando esta ilegalidade diante das distintas administracións, esixindo o fin dos recheos no porto, e reivindicando a utilización deste espazo de forma exclusiva para actividades relacionadas co mar, e que obtivemos por única resposta a mentira e o silencio cómplices.

As persoas que abaixo asinamos**,** esiximos o cumprimento íntegro da antedita sentenza e, xa que logo, o castigo aos responsabeis e a recuperación dos terreos ilegalmente gañados ao mar.

Nome e apelidos	**DNI**	**e-mail**	**sinatura**